CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participar en xogos progresando nas habilidades manipulativas.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representar graficamente situacións usando un vocabulario topolóxico básico.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Identificar situacións nas que é preciso medir e cuantificar.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexar diversos recursos progresando na psicomotricidade fina.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participar en situacións de uso de diferentes linguas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Xestionar diversas situacións amosando iniciativa e cooperación.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Expor hipóteses verificándoas a través da manipulación..	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valorar a lingua.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Relacionarse cos demais empregando expresións sociais básicas.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adquirir un mínimo de tolerancia á frustración.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Relacionarse cos demais amosando interese por outras linguas.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresar inquietudes, gustos e preferencias.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participar en xogos amosando unha actitude de afecto e empatía.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identificar situacións de risco.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Aumentar progresivamente o repertorio lingüístico.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolver autonomamente tarefas cotiás.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza cunha actitude positiva.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Adaptarse á secuencia temporal das actividades cotiás.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Producir diferentes textos con intencionalidade.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproducir condutas ou accións rexeitando estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Participar en actividades que promovan a convivencia e o respecto cara a diversidade.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibir, identificar e discriminar sons.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresara ideas e pensamentos de forma creativa.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos sobre diferentes manifestacións artísticas.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Axustar o movemento ao espazo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretar imaxes en formato artístico e dixital.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> </ul>

## Contidos

- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Relacións de parentesco.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.

## Contidos

- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para levar a cabo un proceso de ensino- aprendizaxe eficaz teremos en conta o establecido no DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 15 propón os principios pedagóxicos a ter en conta, de xeito resumido son:

- Experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, a través da experimentación e o xogo.
- Ambiente de afecto e confianza.
- Desenvolvemento de todas as linguaxes.
- Primeira aproximación á lingua estranxeira.
- Favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.
- Favorecerase o principio de igualdade, eliminando os contidos sexistas e estereotipados.
- Desenvolverase progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno.
- Favorecerase unha aproximación á lectura e a escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical.
- Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de

control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.

- Favorecerase unha educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomenta uns hábitos saudables.

Partirase do principio de consistencia evolutiva de Piaget, que supón a adecuación dos contidos ao nivel do grupo e ao estadio evolutivo do neno, é dicir, é necesario ter en conta as posibilidades de razoamento e de aprendizaxe das que dispón o neno/a de acordo co seu estadio. Debido a que nos atopamos nun aula mixta, é esencial considerar dito principio debido á riqueza das interaccións que se poden producir. Ademais, o principio de aprendizaxe significativa de Ausubel guiará a práctica docente, partindo dos intereses dos nenos e nenas así coma dos coñecementos xa existentes na súa estrutura cognitiva. Levarase a cabo a través dun aprendizaxe activo e globalizado, onde os nenos e nenas serán protagonistas da súa propia aprendizaxe.

O principio de actividade autoestruturante de Vygotsky será outro elemento fundamental, xa que as relacións entre o neno/a e o/a docente serán esenciais atendendo ao concepto de zona de desenvolvemento próximo. Intervirase nas actividades que o alumnado non pode facer por si mesmo, pero que si pode chegar a resolver coa axuda necesaria. Así pois, a través da experimentación e manipulación das diferentes actividades que se lles presentan, adquirirán unha ensinanza individualizada, respectando en todo momento os ritmos e dificultades de cada individuo. Crearase un ambiente onde prime a valoración positiva e potenciarase a construción de novos vínculos afectivos, levando a cabo actividades lúdicas pertencentes ás 3 áreas curriculares, e co xogo como recurso pedagóxico fundamental.

Neste senso, teremos en conta as orientacións pedagóxicas expostas no Decreto 150/2022, resaltando as seguintes:

- Acollida afectuosa cara ás mensaxes das nenas e dos nenos.
- Deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos.
- Creación dun ambiente de comunicación pracenteiro.
- Acompañamento educativo que fomenta a autoconfianza nas manifestacións e producións artísticas.
- Situacións de aprendizaxe onde a linguaxe musical e corporal vaian da man.
- Emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna.
- Especial valoración da biblioteca.
- Construción de novos apegos seguros como punto de partida para a creación dunha correcta autoestima.
- Apertura á comunidade e a colaboración coas familias.
- Procura de situacións educativas nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións.
- Planificación de situacións de aprendizaxe que fomenten o consumo responsable e sostible, así como a promoción da saúde.
- Organización dos tempos onde prime a calma.
- Valoración da importancia da expresión de emocións e da autorregulación destas.
- Construción de sólidos vínculos afectivos entre o profesorado e o alumnado do grupo.
- Deseño de actividades motivadoras que respondan á diversidade do alumnado.
- Sensibilidade cara ao medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo.
- Coidado na selección e utilización dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.
- Organización flexible do tempo e dos espazos, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.

Dentro da organización da aula contamos coas seguintes metodoloxías activas:

- Metodoloxía por recunchos. Cada aula estará dividida nos diferentes recunchos, contando todas as aulas co recuncho de arte, de biblioteca, das construcións, da experimentación, xogo simbólico, das letras e da lóxica. A cada recuncho irá unha serie de nenos e nenas concretos (sinalados no propio cartel do recuncho), correspondéndose sempre a grupos mixtos de idade e sexo.

- Obradoiros. Ao longo do curso tamén levaremos a cabo diferentes obradoiros relacionados coa temática a traballar no momento. Para iso, dividiremos as 3 aulas mixtas en dous grupos, onde, cada grupo, estará supervisado por dúas mestras de educación infantil. Algúns dos obradoiros que levaremos a cabo son: obradoiro de samaín (unidade “arcimboldo e as estacións”), obradoiro de relaxación (unidade “a miña escola”), obradoiro de entroido (unidade “entroido en Galicia”) e obradoiro de cores (unidade “artistas da nosa historia”).

- Traballo por bandexas. Cada aula conta con 7 bandexas, nas que se atopan actividades manipulativas relacionadas cos contidos a traballar. O alumnado dividirase en parellas e, cada parella, tederá a súa disposición unha bandexa de traballo. As bandexas iranse rotando ao longo da semana.

En función da actividade a realizar, os agrupamentos serán diferentes: individual, en parellas, en pequeno grupo ou en gran grupo. Ademais da propia aula, tamén usaremos os diferentes espazos da escola: o patio, os corredores, a aula de apoio, o ximnasio, a biblioteca, etc.



Tendo en conta a Curva de Fatiga de Kraeppelin, as sesións distribuiranse atendendo a que as actividades de maior concentración terán lugar nas primeiras horas da mañá, mentres aquelas actividades que requiren menos concentración nas horas finais do día.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
MATERIAL FUNXIBLE (Lápis, ceras, rotuladores, témperas, acuarelas, gomas, plastilina, lápices de cores, pegamento, etc).
MATERIAL ELABORADO POLO PROFESORADO (libro de conceptos, tarxetas, xogos, etc).
ELEMENTOS DO MEDIO NATURAL (piñas, madeiras, millo, landras, noces, pedras, etc).
MATERIAS SENSORIAIS (arroz, pasta, xelatina, auga, etc).
MATERIAIS DE LÓXICA-MATERMÁTICA (puzzles, xogos de conteo, xogos de asociación, contrucións, etc).
MATERIAIS TECNOLÓXICOS (EDI, beebot, etc).
MATERIAIS PARA A INICIACIÓN DA LECTO ESCRITURA (contos, letras de lixa, letras de madeira, etc).
MATERIAIS DA PEDAGOXÍA DA LUZ (mesa de luz, caixón de luz, focos de luz negra, letras traslúcidas, imanix, etc).
MATERIAIS DE XOGO SIMBÓLICO (cociña de madeira, xoguetes de carpintería, alimentos de plástico, utensilios de cociña de xoguete, mesa, manteis, etc).

Para poder dar resposta as necesidades e características do alumnado todo o material está seleccionado en función das características do alumnado e das súas necesidades.

Cabería resaltar que todos os materias e recursos didácticos están agrupados por temáticas, dentro de cada recuncho da aula, así como o recuncho da biblioteca no cal contamos con materia específico de lecto-escritura, no recuncho de lóxica todo o material de lóxica -matemática...para que o alumnado comprenda e entenda o tipo de material co recuncho específico.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a elaboración da avaliación tómase como referente a ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Ademais, terase en conta o Plan de Acollida do centro.

De maneira máis específica, a avaliación inicial realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación inicial levarase a cabo durante o mes de setembro.

En primeiro lugar, realizaremos unha reunión con todas as familias onde, ademais de informarlles sobre o funcionamento do centro, faráselles entrega dun cuestionario para que cubran coa información máis relevante do alumnado (datos de saúde, datos escolares, etc).

Posteriormente, reuniremonos de forma individual con cada familia para profundar nos contidos preguntados durante o cuestionario inicial.

Ademais, a través da observación directa, observaremos a cada alumna e alumno, coa finalidade de coñecer os aspectos máis relevantes sobre o seu nivel madurativo.

No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno ou alumna, a avaliación inicial realizarase da mesma forma: aportando o mesmo cuestionario e realizando unha tutoría individual coa familia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

A avaliación será global, continua e formativa e os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran nesta programación en cada unidade didáctica.

Os instrumentos de avaliación serán as táboas de indicadores elixidos para cada unidade didáctica.

Serán avaliados ca seguinte terminoloxía.

CON DIFICULTADE: Non se desenvolveu a competencia.

EN PROCESO: Desenvolveuse unha parte da competencia, mais non por completo.

SEN DIFICULTADE: Desenvolveuse a competencia por completo.

### Criterios de recuperación:

Estes criterios non se corresponden coa etapa de educación infantil.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na intervención educativa teremos en conta a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses, e ao estilo cognitivo das nenas e dos nenos, para identificar as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar, co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.

Pendientes da avaliación inicial e despois dun primeiro contacto coas familias e unha xornada de convivencia levada a cabo o curso pasado, obsérvase que, aparentemente, o alumnado presenta, unicamente, dislalias propias da idade madurativa.

Así pois, sinalar que os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que sexa necesario, para demandar a intervención da xefatura do departamento de orientación.

Para dar resposta as necesidades teremos en conta o establecido na lexislación vixente:

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O centro conta con Departamento de Orientación compartido, polo que todas as necesidades que hai e que poidan xurdir levaranse a cabo en colaboración, coordinación e seguimento con el. Así pois, no caso de ser necesario, levaranse a cabo diferentes medidas ordinarias co alumnado con NEAE, baseadas nos principios inclusivos, integradores e non discriminatorios. Algunhas das medidas son as seguintes: adaptación de tempos e instrumentos de avaliación, reforzos educativos, apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, etc.

Aplicaranse diferentes estratexias de Deseño Universal de Aprendizaxe coma: actividades de autorregulación da aprendizaxe; permitir eleccións dentro das unidades didácticas e das tarefas; empregar varias formas de representación e de comunicación, etc.

No caso do alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas aportaráselles ás familias o material correspondente ás actividades realizadas mediante Aula Virtual, ABALAR ou ben a través de material impreso.

Contamos con alumnado metido no programa alerta escolar, polo que aplicaremos o protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica. Así como outros protocolos como é o de protección de datos e todos aqueles publicados pola consellería de cultura, educación e universidade no momento que sexa preciso.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Xestión emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Movemento e hábitos de control postural.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Convivencia e relacións sociais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Linguaxe libre de estereotipos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Autonomía persoal.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Imaxe positiva de si mesmos.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Atenderemos progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Inculcaremos a educación en valores.

Favoreceremos que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Música tradicional coa fundación LEGAR	Realizaremos unha saída á casa da cultura para coñecer diferentes instrumentos tradicionais, relacionado coa unidade 1 "Un territorio con moita historia"	X		
Obradoiro de arte	Realizaremos un obradoiro tendo en conta os artistas traballados, relacionada coa unidade didáctica número 3 "Arcimboldo e as estacións".	X		
Visita a unha colmena	Co fin de andetrarnos na vida das abellas, visitaremos a unha apicultora da zona que nos explicará como é o procedemento para a recollida da mel. Dita saída enmárcase dentro da unidade 6 "As abellas"		X	
Carreira Solidaria	Pola celebración do Día da Paz levaremos a cabo unha carreira solidaria.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mercadillo Solidario	Realizaremos un mercadillo solidario polo Día de África para recadar fondos para a ONG Miradas al Mundo, relacionada coa Educación en Valores.			X
Obradoiro de pinturas rupestres	Contaremos coa visita de Moncho Vila ao centro, relacionado coa unidade número 1 "Un territorio con moita historia".			X
A casa da terra	Dita saída enmárcase dentro da unidade 4 "artesáns da nosa terra"			X
Contacontos coas familias	Convidaremos ás familais a realizar sesións de contacontos na biblioteca do centro, traballando así a convivencia e as relacións sociais.	X	X	X

#### Observacións:

Estas actividades complementarias que se van a levar a cabo no presente curso académico están relacionadas co currículo de educación infantil, relacionadas coas tres áreas ou ámbitos de experiencia e ao mesmo tempo relacionadas cos unidades didácticas traballadas de xeito específico.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
8. Temporalización das propostas , se foron adaptadas aos ritmos evolutivos.
10.Grao de adquisición dos obxectivos e contidos educativos, complementándoos se fose preciso
Metodoloxía empregada
6. Adecuación e adquisición das competencias claves.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
1. Organización da aula.
9. Adaptación dos materiais empregados.
Medidas de atención á diversidade
5. Adecuación das propostas pedagóxicas nas aulas, calidade , respectando as necesidades e interese do alumnado.
11. Adecuación das medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
7.Evolución do grupo ante as propostas de ensino- aprendizaxe.
12. Grao de satisfacción do ambiente de traballo na aula

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
2. Coordinación do equipo de Educación Infantil e primeiro ciclo da Educación Primaria.
3. Relación e coordinación coas familias no proceso de ensino- aprendizaxe.
4. Calidade das titorías.

### **Descrición:**

Para a elaboración dos indicadores de logro da programación tomouse como referencia o artigo 23 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022 do 8 de setembro e a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os instrumentos utilizados para medir os indicadores serán a rúbrica de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente que se aplicará nas sesións de avaliación inicial, nas tres sesións de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. Ademais empregaremos outros instrumentos que nos permitirán recoller información de forma global, continua e formativa coma o diario de aula e os traballos realizados que quedarán recollidos nun portfolio.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación informática PROENS, de xeito que cada vez rematada unha unidade didáctica realizárase dito seguimento.

Por outra banda, a información do seguimento da programación didáctica trasladárase, para a súa valoración e análise, no equipo de ciclo, cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

### **9. Outros apartados**